

GUÍA DOCENTE DE **ORQUESTRA I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: ORQUESTRA I-IV											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Música antiga (Clave)		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE			
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Música antiga	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5h.	
ECTS/CUAD.					3'5	3'5	3'5	3'5	Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Práctica nos distintos tipos de agrupacións orquestrais. Afondamento nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do/da director/a e a integración no conxunto, a través dunha aproximación ao repertorio orquestral.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T7, T9, T10, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X7, X8
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Busca, definición, localización e tratamento das fontes musicais do Renacemento e o Barroco.	Todas
Estudo dos criterios interpretativos da música renacentista e barroca a través da tratadística.	Todas
Estudo doutros documentos relacionados coa música, da literatura artística da época e doutros textos coetáneos	Todas
Analizar comparativa e criticamente as diversas fontes entre sí. Enfrontarse aos problemas que implica una interpretación histórica.	Todas
Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos en pezas do repertorio renacentista e barroco desenvolvendo a conciencia da importancia das fontes.	Todas

4. CONTIDOS
Tratados renacentistas. Orientacións bibliográficas
Renacemento: Fontes históricas. Fontes organolóxicas. Fontes iconográficas. Fontes literarias
Tratados barrocos. Orientacións bibliográficas
Barroco: Fontes históricas. Fontes organolóxicas. Fontes iconográficas. Fontes literarias

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina...)	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial na clase. Tempo especial de titoría	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*